

EN LUGO A 26 DE XUÑO DE 2025

Á atención do Departamento Territorial da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional de Lugo.

, como presidenta da Anpa As Mercedes de Lugo expoño:

Dende a Anpa As Mercedes queremos poner en coñecemento do seu departamento o estado do noso colexio "CEIP AS MERCEDES". A situación das instalacións do noso centro é de total abandono. Un edificio que calculamos que será dos anos 60 (realmente non logramos averiguar a data de construción ou de habilitación como centro escolar) pero estimamos que é dos anos sesenta, dado que incluso tiñamos unha águia imperial como escudo na fachada.

A maior deficiencia e a que máis nos preocupa polo perigo que supón para toda a comunidade educativa é o tellado, o cal ten moitísimos anos e vese a simple vista que precisa dunha renovación urxente, feito que quedou máis que demostrado co derrumbe que se produciu o sábado 7 de xuño, causando un gran burato duns 2 metros de diámetro e que por sorte, se produciu fora do horario lectivo do centro. Debido á situación do tellado, dende hai varios anos veñense detectando filtracións en varias aulas das últimas plantas, que nunca se acaban de solucionar xa que a solución pasa por unha renovación completa do tellado que xa non se pode mendar. Un tellado de uns 50/60 anos non ten máis mantemento que unha renovación completa. Dinnos que non hai perigo porque hai unha placa enriba da aula e debaixo do tellado que fai que non haxa perigo nesa zona, non obstante, e como comentan moitos dos nenos do centro, ditas aulas teñen como dicíamos numerosas grietas e moi grandes e humidades moi importantes no teito e paredes, síntoma de que leva anos chovendo nesa placa polo mal estado do tellado, pero nunca se acaba de reparar a orixe (tellado) para que poida solucionarse as humidades dos teitos e paredes. Pese a todo isto, insítesenos en que é seguro e que non hai perigo de derrumbe nin de danos. Pese a afirmar categóricamente que é seguro, mantense a orde de que as aulas afectadas sigan desaloxadas. Por último, sinalar tamén que a empresa que fixo a reparación express do tellado para cubrir o gran boquete cunha especie de chapa metálica negra, afirma, textualmente: "esto non vai estanco, algo vai ir filtrando porque non hai onde amarrar e non vai resistir un inverno completo". Pese a todo isto, seguimos sin ter confirmación de que se vaia arreglar o tellado a curto prazo.

A única obra de calado que se fixo nestes últimos anos foi no 2017 que se fixo unha ampliación para darlle máis capacidade á zona sur de Lugo e para dotar o centro de ascensor xa que carecía del.

O resto do colexio ten múltiples deficiencias: baños dos anos 60/70 con váteres de cadena, estreitos, con portas de "cartón", que se atascan frecuentemente. A maioría dos baños do centro non están adaptados para personas con discapacidade motora. Os baños do ximnasio están nun estado tan lamentable que a maioría dos nenos prefire salir do ximnasio para ir ó baño, moitos refiren medo a ir a eses baños en concreto (váteres que

desbordan e estado xeral de abandono). Levase pedindo a reforma destes baños varios cursos, sin éxito.

Aulas con persianas venecianas con máis de 40/50 anos, que se averían con frecuencia, ventás de aluminio corredera cos mesmos anos ás súas espaldas, que non aíslan nin do frío nin do calor, isto mesmo ocorre coa fachada, as aulas que dan cara a zona do campo de fútbol e que están expostas a horas de sol durante toda a mañá convírtense en fornos na primavera, así como as que dan cara a rúa Montirón son cubos de xeo todo o outono e inverno. A maioría do centro ten grietas en todas as dependencias (aulas, pasillos, baños, etc.) sendo moito máis acusadas as grietas na zona onde caeu o tellado.

A maioría do centro está iluminado con regletas de fluorescentes convencionais, difíciles de atopar hoxe en día no que todo o que se vende en tubos é led (o concello está a substituír estes tubos por outros de segunda man sacados de dependencias municipais que foron renovadas).


Sistema de calefacción moi antigo, con 2 caldeiras, que se avería con frecuencia e deixa sen calefacción ó alumnado e profesorado varias veces durante o curso.

Moitas portas do centro non cumpren normativa de evacuación nin incendios, supoñendo un perigo en caso de emerxencia.

No tocante á accesibilidade, seguimos tendo moitas zonas do centro con barreiras arquitectónicas (escaleiras dende as aulas de primaria cara ó patio por exemplo). Os nenos con mobilidade reducida que están en primaria deben facer unha especie de "grand prix" atravesando todo o centro para poder acceder ó patio.

E por último sinalar que a dirección do centro e consello escolar leva anos reclamando unha reforma integral que nunca acaba de concederse e cando se piden obras concretas, tamén se denegan porque a unidade técnica di que estamos pendentes dunha reforma integral e que esta obra (sexa cal sexa a que se prantexa) non se vai facer por ese motivo.

Con todo o exposto, que nos parece que non é pouco, valoramos que o alumnado está a asistir a un centro educativo que non reúne as condicións de seguridade nin moitas das normativas vixentes. Por tanto solicitamos unha reunión urxente coa xefa territorial para que poidamos tratar este asunto e poder poñer sobre a mesa todos estes puntos que nos preocupan ás familias.



Fdo. Silvia Rodríguez Granda

Presidenta da Anpa As Mercedes